

ANEXO C
INFORME DE RESULTADOS
ACTIVIDADE DE TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA

Nº DE PROTOCOLO: 2014/26

1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE: Efecto do cruce dun semental da raza Burguete con femias de cabalo de monte

2.- UNIDADE ADMINISTRATIVA DA CONSELLERÍA ORGANIZADORA/PARTICIPANTE:
(centro de investigación/CFEA/OAC...)
INGACAL-Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

3.- LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:
Enderezo: Finca Marco da Curra s/n
Concello: Monfero
Provincia: A Coruña

4.- RESPONSABLE: Manuel López Luaces

Tfno.: 881881801

5.- INTRODUCCIÓN:

A cría de gando equino existe en Galicia dende tempo inmemorial, principalmente en zonas de montaña, orientada basicamente á obtención de exemplares para montura, así coma a unha escasa produción cárnica. Así, no ano 1993, o Goberno Autonómico Galego pretendeu corrixir unha serie de deficiencias na explotación do gando equino de monte, elaborando o "Plan de conservación, fomento e mellora do cabalo galego de monte" (Xunta de Galicia, 1993). Un dos obxectivos deste Plan era establecer un programa de mellora na produción, e para iso propoñían como puntos principais: mellorar a produción de carne, realizar un control sanitario axeitado e levar a cabo medidas de apoio estrutural ás explotacións. Como iniciativas para mellorar a produción cárnica mencionábase un aumento cuantitativo e cualitativo da produción, a ampliación de mercados, a concentración da oferta e a promoción do consumo. Co fin de aumentar a produción aconsellábase o cruce con razas de maior masa corporal, a selección de reprodutoras de maior corpulencia, a suplementación na alimentación e o establecemento dunha denominación de orixe do tipo "Carne de potro gallego".

Segundo datos do 2009, o censo de gando equino en Galicia era dunhas 40500 cabezas (MARM, 2013), aínda que na actualidade seguramente sexa bastante menor, debido ó forte aumento do sacrificio de animais desta especie nos últimos anos, que se ten producido fundamentalmente pola aparición da nova lexislación en materia de identificación.

A maior parte do gando equino de monte atópase en liberdade total, con nula ou mínima intervención humana (Pose, 2003), sendo o sistema de explotación tradicional do poldro galego é a cría en liberdade sobre grandes superficies.

A introdución de équidos no monte resulta unha ferramenta útil á hora de reducir os niveis de biomasa vexetal do sotobosque, o que cobra unha importancia maior cando se efectúa sobre masas arbustivas lignificadas, producindo un efecto de cortalume natural que resulta eficaz na loita contra os incendios forestais (González-Hernández et al., 2001; Rigueiro et al., 2002). De feito, o gando equino é unha das especies máis efectivas á hora de controlar o toxo (Zea et al., 2007), compoñente principal da matogueira na maior parte dos montes de Galicia.

A produción cárnica dos poldros galegos ten uns rendementos moi baixos en comparación con outras razas españolas, como a raza Burguete de Navarra (Sarriés, 2005). Isto débese a factores xenéticos propios da raza, ó enorme abandono sanitario no que se encontran os animais, á baixa fertilidade das bestas e, fundamentalmente, ó tipo de sistema de explotación extensivo en zonas marxinais, onde os alimentos escasean nalgunhas épocas do ano.

O presente estudo propón estudar o efecto do cruce entre femias pertencentes á raza Cabalo Galego de Monte con machos da raza Burguete, co obxecto de mellorar o rendemento produtivo do cabalo galego. Este enfoque pode supoñer unha mellora dende o punto de vista produtivo para os rabaños galegos, así coma dende un punto de vista socioeconómico para a raza Burguete, dado que pode abrir unha nova vía de comercialización e polo tanto dotar ó sector cabalar en Navarra dunha nova potenciación.

- Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (2013). El sector equino en cifras. Principales indicadores económicos en 2012. Subdirección General de Productos Ganaderos.
- POSE H (2003). Guía dos Curros de Galicia. Información práctica. Historia e tradición. Ed. Xerais. 187 pp.
- GONZÁLEZ-HERNÁNDEZ MP, RIGUEIRO RODRÍGUEZ A, MOSQUERA LOSADA MR e ROMERO FRANCO R (2001). Aprovechamiento directo del sotobosque por ganado caballar. Importancia en la reducción de combustible vegetal del monte. Revista informativa da Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común.
- RIGUEIRO A, MOSQUERA MR, LÓPEZ L, PASTOR JC, GONZÁLEZ HERNÁNDEZ P, ROMERO R e VILLARINO URTIAGA JJ (2002). Reducción del riesgo de incendios forestales mediante el pastoreo del caballo gallego de monte. Cuad. Soc. Esp. Cien. For., 14: 115-117.
- ZEA J, DÍAZ N e DÍAZ Mª (2007). Control de la vegetación espontánea arbustiva y mejora del pasto mediante el pastoreo con distintas especies. Pastos, XXXVII (1), 51-69.
- SARRIÉS MV e BERIAIN MJ (2005). Carcass characteristics and meat quality of male and female foals. Meat Sci., 70.

6.- MATERIAL E MÉTODOS:

Levarase a cabo un seguimento polo miúdo do efecto do cruce cun macho da raza Burguete (Figura 5) nos principais parámetros produtivos dun rabaño de 40 bestas de cabalo galego de monte.

Os partos das bestas teñen lugar, principalmente, nos meses de abril e maio, agrupándose de forma natural nesta época, coincidindo coa máxima produción de pasto en cantidade e calidade.

Faranse pesadas dos poldros ó nacemento e cada quince días durante o período de aleitamento antes do destete.

Finalmente farase unha pesada no momento do destete, que coincide ós 6-7 meses de idade, polo mes de novembro. Posteriormente faranse pesadas post-destete durante o inverno, para detectar cómo afecta o destete e a estación do ano na ganancia media de peso vivo diario.

Cos resultados obtidos poderanse facer comparativas con estudos realizados previamente nos que o semental era un cabalo galego de monte, cunha constitución corporal de menor dimensións e peso que o macho da raza Burguete.

7.- ANÁLISE DE RESULTADOS:

Os partos concéntranse nos meses de abril, maio e xuño. Aínda así, sempre hai algún animal que pare fóra deses meses, pero non se tivo en conta para a análise para reducir a variabilidade dos datos.

Os resultados das pesadas realizadas móstranse na Figura 1, e as ganancias medias diarias de peso vivo na Figura 2. Pódese observar unha gran variabilidade individual no peso dos poldros, debido con seguridade á elevada variabilidade existente tamén no rabaño de bestas, pois hai exemplares de soamente 250 kg de peso e outros que chegan a superar os 450 kg.

Pártese dun peso medio ó nacemento duns 45 kg, o cal aumenta rapidamente na primavera (Figura 4) chegando a uns 150 kg a principios de agosto. Despois o ganancia de peso redúcese, debido a que baixa a calidade do pasto e en consecuencia a produción de leite das nais. Alcánzase un peso medio a finais de outubro de 215 kg (Figura 6).

Hai que ter en conta que o ano 2014 foi un ano excepcional para a produción de pasto, pois houbo moita produción e practicamente non houbo seca no verán. En condicións normais seguramente houbese que esperar unhas GMD lixeiramente máis baixas, co que poderíamos chegar ó destete (finais de novembro) cu peso vivo de entre 200-220 kg de peso vivo.

Se comparamos estes resultados cos obtidos utilizando un macho galego (Figura 3), obtidos en estudos previos, vemos como o peso vivo se incrementa máis rapidamente nos poldros cruzados con Burguete, pois esta raza apórtalles a orientación cárnica da que carece o cabalo galego. Chégase ó destete cunha diferenza duns 50-60 kg de peso vivo.

Cómpre, así mesmo, ter en conta que estes resultados proceden dunha explotación baseada en pastos herbáceos sementados procedentes de transformación de mato, polo que no caso de explotacións baseadas en pasto arbustivo seguramente o peso dos animais e as GMD se verían notablemente reducidas.

Estes resultados foron expostos o día 11 de decembro de 2014 nunha visita ó Marco da Curra enmarcada na xornada "Alternativas na gandería semiextensiva en Galicia: produción sostible e aproveitamento do territorio" (acción de transferencia 2014/24).




Figura 1. Pesadas individuais dos poldros cruzados con Burguete (liñas negras finas) e peso medio (liña vermella grosa).




Figura 2. Ganancia media de peso vivo diaria (GMD) dos poldros cruzados con Burguete en diferentes momentos da fase de cría.




Figura 3. Peso medio dos poldros cruzados con Burguete (liña vermella) e peso medio de poldros fillos dun macho 'tipo galego' (liñas laranxa, verde e azul) en tres anos distintos.



Figura 4. Potros de cruce con Burguete na primavera.



Figura 5. Semental Burguete (no centro) utilizado no ensaio.



Figura 6. Poldro cruzado con Burguete no momento previo ó destete.

8.- RESUMO E CONCLUSIÓNS:

O cruce de bestas de cabalo galego de monte cun semental da raza Burguete permite obter uns poldros cun peso notablemente maior que cun semental de tipo galego. A ganancia de peso diaria tamén aumenta, permitindo obter un peso medio ó destete (novembro) duns 215 kg de peso vivo.

No caso de destinar unha grea de bestas á produción de poldros para a venda, a introdución dun macho de raza cárnica é unha solución indicada para mellorar os rendementos. No entanto, as reprodutoras deben manter a rusticidade típica do cabalo galego, principalmente se estamos a falar de terreos de monte onde predomine o pasto arbustivo.

9.- DATA E SINATURA DO RESPONSABLE:

En Abegondo, a 10 de decembro de 2014

Asdo. Manuel López Luaces